

Completando o mapa. Novas datacións absolutas para o Paleolítico e Mesolítico do interior galego.

Filling in the map. New absolute dates for the Paleolithic and Mesolithic of inland Galicia (NW Spain)

R. FÁBREGAS VALCARCE^A; S. ALONSO FERNÁNDEZ^B; A. AMEIJENDA IGLESIAS^{A,B}; A. GRANDAL D'ANGLADE^C; T. LAZUÉN FERNÁNDEZ^D; A. DE LOMBERA HERMIDA^{A,B}; A. PÉREZ ALBERTI^E; M. PÉREZ RAMA^C; X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ^B; M.R. SERNA GONZÁLEZ; M. VAQUERO RODRÍGUEZ^B

a) Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste (GEPN). Dpto de Historia I, Universidade de Santiago de Compostela. Praza da Universidade, nº 1, CP: 15782. Santiago de Compostela.

b) Institut Catalá de Paleoecologia Humana i Evolució Social (IPHES). Área de Prehistoria, Universitat Rovira i Virgili.

c) Instituto Universitario de Xeoloxía "Isidro Parga Pondal". Universidade da Coruña.

d) Dpto. de Ciencias Históricas, Universidad de Cantabria.

e) Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela.

RESUMO

Neste traballo presentamos os datos obtidos nas intervencións arqueolóxicas levadas a cabo no xacemento monfortino de As Lamas, así como os resultados da última campaña nas cavidades de Cova de Valdavara (Becerreá) e Cova Eirós (Triacastela). Dentro deste estudio presentamos as novas datacións dos niveis de Paleolítico superior e Mesolítico de Valdavara, así como das camadas sedimentarias do Pleistoceno Superior de O Regueiral (Monforte, Lugo) e As Lamas na depresión de Monforte de Lemos. No xacemento de As Lamas identificáronse dous momentos distintos de ocupación. En Cova Eirós destaca a aparición da primeira evidencia de arte moble do NW.

Palabras clave:

Paleolítico, Pleistoceno, industria lítica, datacións OSL/radiocarbono, fauna.

ABSTRACT

In this paper we deal with the new data generated by the test pitting at the site of As Lamas (Monforte, Lugo) and also the results of the 2009 season at the caves of Valdavara (Becerreá, Lugo) and Eirós (Triacastela, Lugo). We introduce the C-14 dates for the Upper Paleolithic and Mesolithic levels at Valdavara and those obtained from the Upper Pleistocene sediments at the sites of O Regueiral (Monforte, Lugo) and As Lamas, within the basin of Monforte. In the latter two occupational levels

were defined. Lastly, in Cova Eirós a perforated tooth was recovered from an Upper Paleolithic level.

Keywords:

Paleolithic, Pleistocene, lithic industry, OSL/Radiocarbon dating, fauna

INTRODUCCIÓN

Durante os derradeiros anos podemos dicir que a investigación no paleolítico galego está experimentando unha segunda "idade de ouro" con numerosos traballos de prospección, escavación e sondaxes arqueolóxicas desenroladas ó abeiro de proxectos de investigación que gozan de certa continuidade así como de intervencións de carácter de urxencia xurdidas a carón das infraestruturas viarias e enerxéticas. Do mesmo xeito, traballos de revisión de coleccións e escavacións antigas, así como de síntese sobre aspectos tecnolóxicos, experimentais e tecnoeconómicos están a "normalizar" a situación dos Sistemas Técnicos non só das sociedades paleolíticas, senón tamén da Prehistoria recente. Un aspecto, o "atipismo" dos conxuntos líticos do NW, que sempre lastrou a interpretación e vertebración do coñecemento paleolítico no noso territorio

e que dende os traballos dos anos 90 comeza a ser matizado.

Os traballos levados a cabo dende o proxecto de investigación de “Ocupacións humanas durante o Pleistoceno da cunca media do Miño” nas depresións terciarias e nas covas da parte oriental de Galicia, así coma os traballos de escavación e revisión levados a cabo na parte baixa do Miño están aportando un grande coñecemento sobre as primeiras comunidades de cazadores-recolectores que habitaron no NW, permitindo articularlas e comprendelas dentro do paradigma do poboamento Paleolítico da Península Ibérica. Paralelamente, os traballos realizados sobre glaciario, evolución da costa, e estudos paleontolóxicos e paleobotánicos ofrecen unha maior calidade de información sobre o marco paleoambiental dos derradeiros 100.000 anos.

Non obstante, unha das principais incógnitas destas investigacións segue sendo o cando. Os condicionantes edafolóxicos do Noroeste nunca foron moi favorables á obtención de datacións absolutas recaendo o peso das adscricións cronoculturais no estudo dos conxuntos líticos. Pero a xeralización de métodos de datación como a OSL permite solventar, en certa medida, eses problemas para os xacementos ó aire libre de Galicia. Do mesmo xeito, as intervencións en covas, algo esquecidas tradicionalmente pola investigación, permiten descubrir novos asentamentos e secuencias con materiais facilmente datables polo radiocarbono. Deste xeito, podemos obter así, por primeira vez, un marco cronolóxico para ás ocupacións pleistocenas do NW que nos permita encadrarlo dentro do marco das ocupacións paleolíticas peninsulares e así comezar a ponderar as particularidades do paleolítico galego.

SONDAXES ARQUEOLÓXICAS E DATACIÓNS ABSOLUTAS NA DEPRESIÓN DE MONFORTE DE LEMOS

Sondaxes arqueolóxicas no lugar das Lamas (Monforte de Lemos).

O lugar de As Lamas é unha ampla superficie de erosión cuaternaria onde nas prospeccións levadas a cabo dende o ano 2006 foron identificados varios puntos e dispersións con materiais arqueolóxicos que corroboraban a

importancia desta zona, xa posta de manifesto polo numeroso material recuperado por Jose Antonio Peña. A grande maioría foron adscritos ó Modo 2 tecnolóxico, coa importante presenza de grandes configurados como bifaces e fendedores, e estratexias ortogonais e centrípetas na explotación dos núcleos. Se ben a totalidade dos achados realizados ata a data eran superficiais, na localización das dispersións e nas súas densidades podíanse inferir, *a priori*, os lugares con maior probabilidades de atopar material en estratigrafía. Neste senso, a área en torno a nave do Instituto da Construción, no sector oeste da superficie das Lamas, revelábase como unhas das que maior cantidade de restos ofreceu, a causa da remoción de terras para a súa construción (FÁBREGAS *et al.* 2007; RODRÍGUEZ *et al.* 2008).

Na localización das sondaxes escolleuse unha pequena zona a carón do campo de fútbol, a 330 metros sobre o nivel do mar, que se situaba lixeiramente máis elevada sobre o resto da superficie das Lamas, ofrecendo un bo dominio visual desta zona e das actuais zonas encharcadas que nela abundan. Se ben as condicións de humidade e temperatura, e por ende, de vexetación, foron moi distintas, a posición topográfica e de dominio visual non debeu ser moi diferente e as datacións obtidas manifestan que esta topografía apenas mudou nos derradeiros 40.000 anos. As actuacións de 2009 centráronse na realización de dúas Catas inicialmente de 2x2 m, con varios obxectivos. En primeiro lugar a realización dun control estratigráfico neste sector da superficie das Lamas para poder realizar unha caracterización sedimentolóxica das formacións cuaternarias deste sector. Por outra banda, a localización en estratigrafía de artefactos paleolíticos que puideran relacionarse cos achados en superficie, ofrecería, deste xeito, un marco estratigráfico e cronolóxico para as ocupacións do lugar de As Lamas.

Abríronse dúas Catas de 2x2 metros separadas a unha distancia de 25 metros entre elas, que ofrecénnos información sobre a extensión das formacións cuaternarias, así coma da súa profundidade. Debido o interese do material do Nivel II da Cata 2, a superficie de escavación desta Cata e nivel foi ampliada a 8 m². A secuencia identificada en cada unha das Catas foi a seguinte (Figuras 1 e 2):

CATA 1: PERFIL SUR

Perfil de 140 cm. de potencia máxima. Descripción de muro a techo:

Nivel I:

Nivel de 30 cm. de potencia máxima e 17 cm. de potencia mínima.

Matriz limosa con gravas de entre 1-10 mm. de eixe de seixo e cuarcita angulosos ou subangulosos, e de clastos de 30-50 mm. de eixe dos mesmos materiais, que aparecen dispersos sen presentar ningunha orde aparente.

Nivel con bioturbacións que se interpreta coma a capa vexetal, o solo superficial. Límite inferior abrupto (neto) e horizontal.

Nivel II:

Potencia máxima de 59 cm. e mínima de 50 cm.

Matriz areo-arxilosa na que se distribúen sen ningunha orde aparente clastos subangulosos de entre 10 a 50 mm. de espesor de seixo e cuarcita e algunha grava dos mesmos materiais de entre 1 a 10 mm. de espesor. A distribución na matriz dos clastos e das gravas non presenta ningunha orde aparente. Non se observa unha orientación nin unha pendente determinadas nos clastos e non hai imbricacións. A pesares disto compre sinalar o feito de que a maioría dos clastos que se observan neste nivel atópanse agrupados nos últimos centímetros do mesmo.

O límite superior deste nivel é neto e horizontal e está marcado por unha liña de bloques e cantos de cuarcita e seixo de entre 45 a 130 mm.

Límite inferior gradual (difuso).

Nivel III:

Potencia máxima de 37 cm. e mínima de 20 cm.

Matriz composta por areas finas e gravas de seixo e cuarcita de 1 a 10 mm. de espesor. Toda a potencia presenta concrecións oxidas por mor das variacións no nivel freático.

Límite superior gradual (difuso). Nos primeiros 15 cm. deste nivel apréciase unha liña de clastos de seixo e cuarcita angulosos ou subangulosos de entre 30 a 70 mm. de eixe. Es-

tes clastos presentan concrecións oxidas adheridas ó seu *cortex* e asemellan estar orientados NWSE cunha lixeira pendente vertical-norte.

Límite inferior abrupto (neto) e horizontal.

Nivel IV:

Potencia máxima de 40 cm., e mínima de 20 cm.

Nos primeiros 10 cm. aparece unha grande concentración de grandes bloques e cantos redondeados e subredondeados de seixo e cuarcita de entre 140 mm. de eixe máximo a 45 mm. de eixe mínimo soportados nunha matriz arxilo-areosa. Límite superior abrupto (neto) e horizontal. Límite inferior abrupto (neto) e horizontal, que está delimitado por unha liña de bloques de cantos de seixo e cuarcita subredondeados e redondeados que presentan 240 mm. de eixe máximo. Podería interpretarse coma un nivel de terraza fluvial.

CATA 2-PERFIL ESTE:

Perfil de 82 cm. de potencia mínima e 92 cm. de potencia máxima. Descripción de muro a techo:

Nivel I:

Nivel de 24 cm. de potencia mínima e 38 cm. de potencia máxima. Composto por unha matriz limosa na que atopamos gravas de seixo e cuarcita angulosas ou subangulosas de entre 1 mm. a 10 mm. de eixe. Tamén aparecen algúns clastos angulosos dispersos de seixo e cuarcita de ate 40 mm. de eixe máximo, que non presentan ningunha orde aparente (non comparten unha orientación, nin pendente preferencial).

Presenta bioturbacións. Contacto inferior erosivo (abrupto e irregular). Presenza de grandes bloques subangulosos de seixo e cuarcita de ate 130 mm. de eixe máximo no contacto inferior.

Interpétase coma a capa vexetal-solo superficial.

Nivel II:

Nivel de 18 cm. de potencia mínima e 28 cm. de potencia máxima.

Composto por unha matriz arxilo-soportada alaranxada con algunha grava redondeada ou

subredondeada de entre 2 mm. de eixe mínimo a 5 mm. de eixe máximo, de seixo e cuarcita. Neste nivel apréciase así mesmo unha continuidade de clastos redondeados e subredondeados de seixo e cuarcita de ate 100 mm. de eixe máximo, pero entre os cales os mais numerosos presentan un eixe medio de 50/60 mm. Non se aprecia ningunha orientación pre-determinada na organización dos clastos. Algunha imbricación illada. A M1 (mostra prá datación OSL) tómase neste nivel.

O nivel presenta unha orientación subhorizontal cunha lixeira inclinación cara o SE. O contacto inferior deste nivel é gradual (difuso). Aparece industria lítica de seixo e cuarcita de pequeno e medio formato e non rodada. Isto podería indicar unha sedimentación lenta con ausencia de correntes de alta enerxía.

Nivel III A:

Nivel de 20 cm. de potencia.

Composto por unha matriz arxilo-soportada que segue a dinámica do Nivel II. A diferenza márcaa o aumento do número de gravas e a desaparición dos clastos. Isto indica unha diminución da enerxía no proceso de sedimentación

(sedimentación por decantación) cón respecto ó nivel superior, sen supoñer un proceso erosivo.

Ós 8 cm. do límite superior deste nivel comezan a aparecer concrecións oxidadas provocadas polos cambios no nivel freático. Contacto inferior gradual (difuso).

Nivel III B:

Potencia de 20 cm. máximo e 7 cm. mínimo.

Nivel formado por unha matriz arxilo-soportada con gravas de entre 1 mm. de eixe mínimo a 10 mm. de eixe máximo seguindo a dinámica do nivel superior. Neste nivel aparecen cantos redondeados de seixo e cuarcita, sobre todo de seixo, de entre 90 mm. e 120 mm. de eixe que confeccionan unha liña fácil de seguir no sector noroeste da sondaxe. Continúan as concrecións oxidadas, que aparecen neste caso tamén adheridas ós cantos.

Neste nivel aparece material arqueolóxico moi rodado, trátase de grandes BN1X correlacionables có material que atopamos en superficie durante as prospeccións dos anos anteriores. A M2 (mostra prá datación OSL) tómase neste nivel.

Límite superior gradual (difuso) e inferior descoñecido




Figura 1: Debuxo do perfil sur da Cata 1 do xacemento de As Lamas.

AS LAMAS 2009
CATA 2
PERFIL ESTE
E:1/10




Figura 2: Debuxo do perfil este da Cata 2 do xacemento de As Lamas.

Industria lítica

As dúas Catas realizadas en As Lamas proporcionaron un total de 85 obxectos en contexto estratigráfico, ós que hai que sumarlle dous obxectos en superficie. Ós dous obxectos en superficie foron localizados ó iniciar a escavación da Cata 1. Trátase de dúas BN1XE centripetas de cuarcita.

Na Cata 1 foron recuperadas 26 pezas, das cales 17 corresponderon ó Nivel II e 9 ó Nivel III, mentres que na Cata 2 foron inventariadas 59 pezas, das cales 29 corresponderon ó Nivel II e 30 ó Nivel III.

Nos niveis escavados en ambas Catas o seixo é a materia prima máis utilizada para a talla, seguida pola cuarcita. O predominio do seixo é lixeiramente menor no Nivel II da Cata 2. No Nivel III da Cata 1 aparece un terceiro material, lidita (cun único efectivo).

Os catro niveis coinciden tamén no predominio dos produtos non retocados (Bases Positivas e Fragmentos de Bases Positiva), (Figura 3) que acadan o 79,3% de tódolos efectivos no Nivel II da Cata 2, mentres que son algo menos preponderantes no Nivel III da Cata 2, cun 63,3%. A porcentaxe de fragmentos oscila entre o 5,9% do Nivel II da Cata 1 e o 10% do

Nivel III da Cata 2. No Nivel III da Cata 1 non apareceu ningún fragmento.

Localizamos ferramentas configuradas en tódolos niveis que proporcionaron material arqueolóxico. Destaca especialmente o 17,6% deste tipo de obxectos no Nivel II da Cata 1, así como o 13,3% do Nivel III da Cata 2. A porcentaxe máis baixa de ferramentas retocadas corresponde ó Nivel II da Cata 2 (cun 6,9%). En xeral, a maioría das ferramentas configuradas son lascas retocadas (BN2XC), nembargante cabe mencionar que no Nivel III da Cata 1 e no Nivel III da Cata 2 aparecen instrumentos configurados sobre canto (BN1XC). O peso dos núcleos tamén é diferente segundo o nivel. Así, no Nivel III da Cata 2 hai un 13,3% de núcleos, fronte ó 5,9% do Nivel II da Cata 1.

Se repasamos a representación de categorías estruturais en función da materia prima observamos algunhas diferenzas interesantes entre o seixo e a cuarcita. Na Cata 1 tódolos núcleos localizados son de cuarcita. Na Cata 2 unicamente hai núcleos de seixo no Nivel III. En tódolos niveis a maioría dos obxectos de seixo son produtos non retocados (lascas e fragmentos de lascas), con porcentaxes que sitúanse entre o 72% do Nivel II da Cata 1 e o 100% do Nivel III desa mesma Cata. Únicamente lo-

calizamos lascas retocadas de seixo no Nivel II da Cata 1 e no Nivel II da Cata 2. Non apareceu ningún instrumento de seixo configurado sobre canto. Pola contra son habituais os fragmentos de esta rocha, especialmente nos niveis II e III da Cata 2.

En xeral entre as cuarcitas hai unha destacada presenza de obxectos configurados. Destaca de forma especial o 36,4% de este tipo de obxectos no Nivel III da Cata 2. Entre as cuarcitas tamén é significativa a presenza de núcleos, sempre con porcentaxes superiores ó 7%. O porcentaxe de lascas e fragmentos de lasca entre as cuarcitas só supera o 50% no Nivel II da Cata 1 e no Nivel II da Cata 2. Non localizamos ningún fragmento de cuarcita.

Os dous núcleos identificados na Cata 1 son BN1XE de cuarcita, é dicir núcleos sobre canto. O núcleo achado no Nivel II desta Cata é unha BN1XE bifacial con talla lonxitudinal unipolar. O núcleo procedente do Nivel III da Cata 1 tamén presenta talla lonxitudinal masiva, a pesares de que neste caso é unifacial.

No Nivel II da Cata 2 localizáronse 2 núcleos de cuarcita, un deles sobre lasca (BN2XE). Ambos son bifaciais, pero mentres o núcleo sobre canto presenta talla ortogonal, a BN2X amosa unha talla centrípeta con xerarquización entre as dúas caras.

O Nivel III da Cata 2 é o que mais núcleos proporcionou, con 4 efectivos, repartidos entre seixo e cuarcita. Os dous núcleos de seixo son bifaciais centrípetos, mentres que un dos núcleos de cuarcita presenta talla bifacial ortogonal e o outro talla unifacial lonxitudinal masiva.

En ningún dos núcleos recuperados durante a intervención en As Lamas observouse a posta en práctica dun método de produción que im-

plique unha predeterminación sistemática da morfoloxía final das lascas.

En canto á tipoloxía das ferramentas configuradas, no Nivel II da Cata 1 identificamos un denticulado e unha raedeira. No Nivel III da Cata 1 destaca unha ferramenta sobre canto, concretamente trátase dun triedro de cuarcita, que é o obxecto de maior tamaño recuperado durante esta intervención (cunhas dimensións de 167 x 121 x 56 mm). Na Cata 2 o Nivel II conta con dúas lascas de cuarcita retocadas, unha das cales pode ser clasificada como raedeira. No Nivel III da Cata 2 destaca a presenza de dous cantos configurados mediante retoque continuo. Un destes obxectos foi clasificado como raedeira sobre plaqueta. As dúas lascas retocadas corresponden a un denticulado e a unha punta.

Calculamos o promedio das dimensións dos artefactos localizados nos niveis con máis efectivos (correspondentes á Cata 2). En xeral, o tamaño dos obxectos de seixo é menor que o dos obxectos de cuarcita. Concretamente, no Nivel II o promedio dos obxectos de seixo é de 27 x 22 x 10 mm, mentres que os de cuarcita miden 40 x 33 x 15 mm. No Nivel III estas diferenzas son incluso máis evidentes: 29 x 24 x 11 mm para o seixo fronte ao promedio de 63 x 51 x 24 mm para a cuarcita, sen dúbida pola influencia do tamaño das ferramentas sobre canto talladas con esta rocha. Se analizamos o formato en función da categoría estrutural observamos como no Nivel II o tamaño das BP de seixo é de 33 x 29 x 11 mm, mentres que no Nivel III é moi similar, con 31 x 25 x 10 mm. En canto ás BP de cuarcita, no Nivel II o promedio é de 31 x 24 x 9 mm. No Nivel III unicamente hai unha BP completa de cuarcita, e polo tanto o dato non é representativo. Se calculamos o promedio de tódalas BP sen ter en conta a materia prima, o resultado é moi similar para os dous niveis: 32 x 27 x 10 mm para o Nivel II e 31 x 25 x 10 mm para o Nivel III.

Completando o mapa. Novas datacións absolutas para o Paleolítico e Mesolítico do interior galego.

AS LAMAS CATA 1, NIVEL II																
	Núcleos				Produtos non retocados				Ferramentas configuradas		Fragmentos		Total			
	BN1GE		BN2GE		BP		FBP		BN1GC	BN2GC						
Seixo					6	54,5%	2	18,2%			2	18,2%	1	9,1%	11	64,7%
Cuarcita	1	16,7%			2	33,3%	2	33,3%			1	16,7%			6	35,3%
Total	1	5,9%	0		8	47,1%	4	23,5%	0		3	17,6%	1	5,9%	17	100,0%
	5,9%				70,6%				17,6%		5,9%					

Táboa 1: Industria lítica do Nivel II da Cata 1 realizada en As Lamas

AS LAMAS CATA 1, NIVEL III																
	Núcleos				Produtos non retocados				Ferramentas configuradas		Fragmentos		Total			
	BN1GE		BN2GE		BP		FBP		BN1GC	BN2GC						
Seixo					6	100,0%									6	66,7%
Cuarcita	1	50,0%							1	50,0%					2	22,2%
Lidita							1	100,0%							1	11,1%
Total	1	11,1%	0		6	66,7%	1	11,1%	1	11,1%	0		0		9	100,0%
	11,1%				77,8%				11,1%		0,0%					

Táboa 2: Industria lítica do Nivel III da Cata 1 realizada en As Lamas.

AS LAMAS CATA 2, NIVEL II																
	Núcleos				Produtos non retocados				Ferramentas configuradas		Fragmentos		Total			
	BN1GE		BN2GE		BP		FBP		BN1GC	BN2GC						
Seixo					11	68,8%	2	12,5%			1	6,3%	2	12,5%	16	55,2%
Cuarcita	1	7,7%	1	7,7%	8	61,5%	2	15,4%			1	7,7%			13	44,8%
Total	1	3,4%	1	3,4	19	65,5%	4	13,8%	0		2	6,9%	2	6,9%	29	100,0%
	6,9%				79,3%				6,9%		6,9%					

Táboa 3: Industria lítica do Nivel II da Cata 2 realizada en As Lamas

AS LAMAS CATA 2, NIVEL III																
	Núcleos				Produtos non retocados				Ferramentas configuradas		Fragmentos		Total			
	BN1GE		BN2GE		BP		FBP		BN1GC	BN2GC						
Seixo	1	5,3%	1	5,3%	13	68,4%	1	5,3%					3	15,8%	19	63,3%
Cuarcita	2	18,2%			1	9,1%	4	36,4%	2	18,2%	2	18,2%			11	36,7%
Total	3	10,0%	1	3,3%	14	46,7%	5	16,7%	2	6,7%	2	6,7%	3	10,0%	30	100,0%
	13,3%				63,3%				13,3%		10,0%					

Táboa 4: Industria lítica do Nivel III da Cata 2 realizada en As Lamas




Figura 3: Material lítico da Cata 2 do xacemento de As Lamas.

Datacións absolutas

Dado os datos aportados polas catas realizadas, no curso da escavación foron tomadas dúas mostras de sedimento no perfil Este e Norte da Cata 2 para a súa datación por OSL. A primeira mostra foi tomada no Nivel II, aso-

ciado ó coluvión superior coa presenza de industria; e a segunda foi tomada no Nivel IIIb, asociada ó depósito de industrias con maior rodamento e presenza de costras oxidadas. Os resultados obtidos son:

Ref. Laboratorio	Mostra	Método	Nivel	Años BP
MAD-5601rBIN	As Lamas M-2	OSL	Nivel IIIb	39866±3554
MAD-5600rBIN	As Lamas M-1	OSL	Nivel II	38947±3150

Táboa 5: Datación dos niveis coluviais da Cata 2 das Lamas.

Contextualización dos achados de As Lamas

Como temos visto, os niveis arqueolóxicos correspóndense con diferentes niveis coluviais que cobren a formación da terraza fluvial que da orixe á superficie das Lamas. Este feito permite extraer algunhas conclusións acerca da xénese e contexto das industrias recuperadas nas Lamas. En primeiro lugar temos a constatación da presenza de varios niveis arqueolóxicos que poderían corresponderse con varias ocupacións distintas.

A diferenza no rodamento das pezas entre os artefactos dos niveis II e III da Cata 2, así como nas materias primas e algúns aspectos (técnica, formato, etc.) poderían indicar a presenza de dous momentos distintos de ocupación. Por unha banda unha relacionada co primeiro nivel coluvial, Nivel II, onde temos un lixeiro predominio das cuarcitas de grao fino, con escaso rodamento, un formato mediano e pequeno, e con produtos centrípetos e discoidais. Por outra banda, os artefactos do Nivel III presentan un maior formato, máis grado de rodamento, e presenza de BNIG de configuración ou explotación e estratexias lonxitudinais e ortogonais na explotación. Características moi semellantes ás identificadas nas pezas recollidas en superficie adscritas ó Modo 2. Asemade, as costras oxidadas adheridas á superficie das pezas posibilita relacionar esta alteración, propia deste nivel, con algunhas pezas presentes nas coleccións superficiais. En base ás características das pezas, do formato, rodamento e da presenza de costras, a secuencia identificada na Cata 2 posibilitaría a ordeación e contextualización de gran parte dos achados realizados en superficie.

Non obstante, debemos ter en conta a natureza coluvial destes niveis e a presenza de

artefactos con diferentes graos de rodamento que indican o seu carácter secundario. Nembargantes, o pequeno formato dalgunhas das lascas do Nivel II e a frescura que presentan nas aristas indícanos que neste caso o desprazamento das pezas non foi dende longas distancias, mantendo o carácter *in loco* destas ocupacións. A data obtida pra este nivel (38947±3150 BP) daríanos unha datación ante quem para estas ocupacións. No Nivel IIIb o diferente grado de rodamento e natureza das pezas fálannos dunha posición secundaria das mesmas. A datación de 39866 ±3554 BP, amosaríanos o momento de deposición dese paquete coluvial, que semella traer material rodado e retraballado de momentos máis antigos. Na Cata 1, a dispersión vertical dos artefactos e a natureza dos coluvios indican unha posición secundaria dos achados.

Deste xeito, as sondaxes realizadas nas Lamas permitiron constatar a presenza de cando menos dous niveis coluviais do Pleistoceno Superior que cobren os depósitos de orixe fluvial (Nivel IV da Cata 1, xeomorfolóxicamente máis antigos) nos que documentamos restos de ocupacións que non deberon ser moi lonxe do lugar de deposición actual, así coma doutros elementos de idade máis antiga, máis rodados, e que poderían ser asimilables á maioría dos artefactos recuperados nas prospeccións e adscritos ó Modo 2. Se atendemos á posición estratigráfica dos artefactos do Nivel II da Cata 2, á datación absoluta, ás particularidades técnicas e ó carácter *in loco* das pezas, este conxunto podería indicar unhas ocupacións do lugar das Lamas en momentos do Paleolítico medio, aínda que a escaseza de material e o contexto estratigráfico

non permiten realizar unhas consideracións máis concluíntes ó respecto.

O xacemento de O Regueiral.

No lugar de O Regueiral, (Ribaslatas, Monforte de Lemos) foron atopados 23 artefactos líticos nas inmediacións dun corte, así como varias pezas en posición estratigráfica que indicaban a existencia de dous niveis arqueolóxicos. Segundo ás características do conxunto lítico foi adscrito ó Modo 3 (FÁBREGAS *et al.* 2007; RODRÍGUEZ *et al.*, 2008). Esta superficie é un abano aluvial que cubre as arxilas terciarias onde foron identificados 6 niveis xeolóxicos, sendo os IV e VI

os que aportaron a industria en estratigrafía (Figura 4)

No Nivel IV, de carácter aluvial, tomouse unha mostra de sedimento para a súa datación por OSL, que deu un resultado de 69446 ± 5472 BP (MAD-5608rBIN), situándonos este momento a mediados do Pleistoceno superior, no EIO 4. A datación é coherente coa adscrición proposta para o conxunto lítico do Regueiral, aínda que debemos tomala como *ante quem*, xa que se trata dun nivel coluvial e non de materiais en posición primaria. Esta datación, xunto coa do Nivel 3 de Cova Eirós (iné dita), son evidencias de ocupacións do Paleolítico medio dende mediados do Pleistoceno Superior.




Figura 4: Secuencia estratigráfica de O Regueiral. Lenda: 1, Margas; 2, areas; 3, gravas e areas; 4, cantos subangulosos e cuarcitas; 5, cantos rodados e arxilas.

Intervencións en Cova Eirós (Triacastela).

En base ós excelentes resultados obtidos na intervención do ano pasado, onde foron identificados un nivel do paleolítico medio (nivel 3) e outro do Paleolítico superior inicial (nivel 2), este ano ampliouse tanto o tempo como a superficie de escavación co fin de obter máis información sobre as ocupacións do Pleistoceno superior do xacemento de Cova Eirós (FÁBREGAS *et al.* 2009). Os obxectivos da campaña de 2009 foron basicamente dous: O establecemento, mediante a ampliación dos cadros intermedios, da correlación estratigráfica entre os niveis identificados na Cata B do exterior da entrada e aqueles definidos na secuencia da Cata A, xa na parte interior. O segundo obxectivo consistiu na continuación da escavación do Nivel₃ da Cata A na superficie total da sondaxe (4 m) para ir baixando en área.

No marco do primeiro dos obxectivos abriuse a escavación dos 4 metros comprendidos entre as dúas Catas (cuadrículas E22-E23 e F22 e F23), así como as cuadrículas contiguas á Cata B (cuadrículas F20 e F21). Deste xeito a superficie total de escavación acadou os 11 m², o que permite obter unha maior cantidade de materiais e información de tipo espacial das ocupacións do sector da entrada de Cova Eirós.

Como consecuencia do novo plantexamento atopámonos con dúas superficies de escavación: a máis avanzada, no Nivel 3, na cuadrículas F24 e 25 e E24 e 25; e a nova superficie do sector externo, que foi escavado en área, co fin de ir rebaixando os niveis ó mesmo tempo e obter unha visión sincrónica das superficies de ocupación. É neste sector onde podemos apreciar a relación estratigráfica entre os niveis do exterior de Cova (Nivel B e C) e os do interior (Nivel 1, 2 e 3). A secuencia identificada é a seguinte (Figura 5):

-Tras a capa vexetal, atópase un empedrado (UA4) de calizas e cantos rodados entre os que aparecen restos de fauna, seixos, cerámica e un cravo metálico, posiblemente relacionados cos recuperados no interior dos silos do ano pasado.

-Nivel B: Aparece baixo o manto vexetal e o empedrado. Está composto por unha matriz limosa de cor amarela branquecina bastante compactada con respecto ó nivel superior, na que atopamos gravas de caliza angulosas de entre 5-13 mm de eixe. Na súa base, diferénciase unha camada de terra escura cun forte

contido orgánico e unha grande concentración de material lítico. O límite superior deste nivel é gradual e o límite está definido por unha serie de bloques de caliza de entre 40-140 mm. de eixe nos que apreciamos unha orientación N-S e unha pendente S que segue o desnivel que marca o talude. O material semella concentrarse na parte oeste da área.

-Nivel 1: nivel de áreas finas de cor amarela na súa parte superior, que é estéril. Nembargantes, na parte inferior, áreas alaranxadas con estratificación horizontal, aparece un novo nivel arqueolóxico. A partires deste punto a secuencia semella ser a mesma que fora identificada o ano pasado na Cata A (FÁBREGAS *et al.* 2009). O Nivel 1 desaparece acuñaándose na parte sur da liña 22-21 entre o Nivel B e o Nivel 2.

Durante a escavación só foi acadado o teito do Nivel 2 (Paleolítico superior inicial) no extremo leste desta área dado que os estratos mostran un buzamento cara ó oeste e o sur. Temos que salientar que na parte máis externa da sondaxe (liña 21) a marcada pendente do talude, a presenza de raíces de árbores, e a súa maior exposición producen certos cambios laterais que difuminan os límites entre os niveis 2 e B, aspecto que será definido nas intervencións no próximo ano.

Como consecuencia da ampliación foron descubertos dous novos niveis arqueolóxicos que completan pola súa parte superior a secuencia descuberta o ano pasado. Deste xeito, estes niveis, supraxacentes ó nivel datado no Paleolítico superior Inicial, poderían encher a secuencia do Paleolítico superior no NW peninsular aportando unha maior cantidade de datos sobre as comunidades e evolución do clima deste período. Xa que logo, Cova Eirós convértese na secuencia de referencia do Pleistoceno superior do Noroeste peninsular. A escavación dos niveis superiores de Cova Eirós aportan unha serie de diferenzas a nivel tecnolóxico e na xestión de materias primas, moi indicativas das estratexias que rexen a explotación dos recursos abióticos. A nivel da fauna, aínda que a súa fragmentación non permite realizar unha identificación taxonómica precisa na maioría dos casos, a secuencia definida na cavidade amosa certas tendencias que tamén poden relacionarse coa dinámica identificada noutros xacementos do Pleistoceno superior da Cornixa Cantábrica (YRAVEDRA, 2002).

Completando o mapa. Novas datacións absolutas para o Paleolítico e Mesolítico do interior galego.

	Bna	Bnb	Bnc	Bnd	BN1XE	FBN1X	BN2X	BN2XC	BP	BPF	FBP	Frag	TOTAL
Nivel B													
Cristal de rocha					5			4	41	2	12	3	67
%					3,03			2,42	24,85	1,21	7,27	1,82	40,61
Cuarcita	1			1					1				3
%	0,61			0,61					0,61				1,82
Seixo			1	3	1			2	33	13	19	23	95
%			0,61	1,82	0,61			1,21	20,00	7,88	11,52	13,94	57,58
TOTAL NIVEL B	1		1	4	6			6	75	15	31	26	165
%	0,61		0,61	2,42	3,64			3,64	45,45	9,09	18,79	15,76	
Nivel 1													
Cristal de rocha					1	1		1	11		2	3	19
%					0,32	0,32		0,32	3,54		0,64	0,96	6,11
Cuarcita		1		2					5	4	1		13
%		0,32		0,64					1,61	1,29	0,32		4,18
Cuarcita grao fino									3		1		4
%													1,29
Seixo	2			2	2	2			95	23	49	83	268
%	0,64			0,64	0,64	0,64			30,55	7,40	15,76	26,69	86,17
Lidita												1	1
%												0,32	0,32
Sílex							1		8		5	1	15
%							0,32		2,57		1,61	0,32	4,82
Sílíce												1	1
%												0,32	0,32
TOTAL Nivel	2	1		4	3	3	1	1	122	27	58	89	311
	0,64	0,32		1,29	0,96	0,96	0,32	0,32	39,23	8,68	18,65	28,62	
TOTAL	3	1	1	8	9	3	1	7	197	42	89	115	476
	0,63	0,21	0,21	1,68	1,89	0,63	0,21	1,47	41,39	8,82	18,70	24,16	

Táboa 6: Materias primas e categorías estruturais do Nivel 1 e Nivel B de Cova Eirós.

Como indicamos anteriormente, só foi delimitado o teito do Nivel 2 na nova superficie escavada, e os traballos na Cata A centráronse na escavación do Nivel 3. Dada a grande cantidade de material recuperado na presente intervención e a premura dos traballos de análise,

aquí só presentamos os resultados referentes ós dous novos niveis arqueolóxicos identificados, que complementan ós resultados obtidos o ano pasado para o nivel de Paleolítico Superior inicial (Nivel 2) e Paleolítico Medio (Nivel 3) (FÁBREGAS *et al.* 2009).




Figura 5: Secuencia estratigráfica do perfil W do xacemento de Cova Eirós.

Na campaña deste ano recuperáronse 1556 obxectos arqueolóxicos, destacando a alta densidade de materiais do Nivel 1, con 508 rexistros, e o Nivel 3, con 876, así coma a densidade de achados no Nivel B, que, sen acadar unha importancia a nivel cuantitativo (167 obxectos), atópase moi localizada nun sector da entrada e proporciona un alto número de artefactos. Pola contra, só foron recuperados dous restos de fauna.

O conxunto lítico do antedito nivel compoñe de 165 efectivos. Neste caso, e á contra do resto de niveis da cavidade, márcase unha clara diferenza na porcentaxe de materias primas onde o predominio do seixo vese truncado pola importancia do cristal de rocha que acada o 40,61% (Táboa 6). A industria é de pequeno formato (17x13x6 mm) e atópase tamén bastante fragmentada. As cadeas operativas nestes materiais semellan estar ben representadas (especialmente no cristal de rocha) con núcleos (3,64%), percutores e fragmentos de percutores (Bnd).

En canto ás estratexias de explotación atopamos dúas cadeas operativas ben diferenciadas. Por unha banda, a existencia de secuencias de redución baseadas na obtención de produtos lascas e ligada estritamente á redución de grandes cantos fluviais de seixo e cuarcita me-

diante estratexias lonxitudinais, ortogonais e o recurso puntual á redución bipolar. Por outra banda, no caso do cristal de rocha observamos a existencia dunha cadea operativa especializada na obtención de laminiñas, explotando de maneira oblicua os prismas deste material. A aparición de núcleos inicializados, produtos de acondicionamento e reutilización dos núcleos amosan que as diferentes fases da talla están presentes no conxunto.

En canto ós útiles configurados (3,64%), atopámonos cunha variedade de morfotipos en cristal de rocha propios do Paleolítico superior como láminas e puntas de dorso, un buril, unha truncadura, así coma unha raedeira e unha pequena punta en seixo. Todos eles realizados en soportes de pequeno formato (20x18x7 mm), aínda así os configurados en seixo acadan unhas maiores dimensións (23x24x12 mm).

Polas características do conxunto lítico, co predominio de soportes de pequeno formato, presenza de cadeas operativas especializadas orientadas á obtención de laminiñas en prismas de cristal de rocha, así como puntas e laminiñas de dorso, o Nivel B de Cova Eirós podería ser adscrito ó Paleolítico superior final (Figura 6).




Figura 6: Material lítico dos Niveis 1 (1,2,3,5,6,8,9), B (4 e 10) e C (7) do xacemento de Cova Eirós.

No Nivel 1 foron recuperados 109 restos faunísticos e 311 líticos. A fauna aparece moi fragmentada, e algúns osos están queimados, o que, como veremos, dificulta a identificación taxonómica. En primeiro lugar, perante o dominio absoluto do seixo (86,17%) destaca a ampla variedade de materias primas documentadas, cunha significativa porcentaxe de sílex (4,82%) e cristal de rocha (6,11%), así como outras rochas silíceas como a lidita (Táboa 6). Deste xeito o Nivel 1 convértese no que ten maior variedade litolóxica, factor que debemos relacionar coas particularidades tecnolóxicas. En canto á orixe dos soportes, na maioría dos seixos e cuarcitas os artefactos presentan córtex fluvial o que indica a explotación de fontes secundarias como os canles dos ríos próximos. Nembargantes, no caso do cristal de rocha obsérvanse dúas posibles fontes de abastecemento. Por unha banda, ó recurso ós soportes fluviaís; e pola contra, o máis importante, a explotación de soportes prismáticos para a explotación de laminiñas ou lascas laminares. Os efectivos en sílex presentan unha escasa ou nula corticalidade, ó que unido á escaseza de efectivos e a que as cadeas operativas sobre este material atópanse fragmentadas, pode indicar unha procedencia un tanto máis lonxana.

En canto ás categorías estruturais observamos un predominio dos produtos de talla (BP, BPF, FBP e Fragmentos) que supoñen o 95,18%, en detrimento dos núcleos (1,9%) e configurados (0,30%). Este feito, unido á escasa corticali-

dade dos produtos, cun 8,8% de corticalidade dominante, indicariáanos que estamos ante cadeas operativas fragmentadas. Aínda así, a presenza de cantos e fragmentos de percutores (Bnd), como dalgúns núcleos en fase inicial de explotación, fálannos da realización de actividades de talla neste sector da entrada. O pequeno formato das industrias, cunha media de 19x17x8 mm, e a alta fragmentación que presentan, podería explicar a sobrerrepresentación de BPF, FBP e Frag. (Figura 6).

Atendendo ás características dos produtos e dos núcleos, no Nivel 1 de Cova Eirós atopamos dúas cadeas operativas ven diferenciadas segundo ó tipo de materia prima e obxectivos na redución. Por unha banda, un grupo de carácter xeneralista coa explotación de cantos fluviaís de seixo e cuarcita que buscan obter soportes lascares, seguindo esquema unifaciais lonxitudinais ou, menos frecuentemente, centrípetos. A presenza de talóns corticais (47,3%) ou non facetados (45,9%), fálannos do uso dos planos de percusión naturais deses soportes xa sexa aproveitando caras corticais planas, ou os planos de diaclasa presentes nos soportes en seixo para a obtención de soportes lascares de pequeno formato (25-50 mm de lonxitude).

Nembargantes, nos soportes prismáticos de cristal de rocha e sílex hai outro esquema ben diferenciado en obxectivos e secuencias de redución, a explotación laminar. Atopamos numerosas laminiñas e fragmentos de lámina

en cristal de rocha especialmente, así como en seixo de boa calidade. Neste senso, o caso mellor representado o temos nos prismas de cristal de rocha onde coñecemos núcleos de laminiñas en diferentes estados de explotación (dende a soa creación de planos ata o seu aproveitamento máximo), así coma produtos de acondicionamento do núcleo, como flancos, lascas de creación de planos de percusión (ápices), etc. A secuencia de explotación segue os modelos oblicuos identificados noutros xacementos do Paleolítico superior final (VILLAR, 1999, RAMIL, 1996). Temos que salientar que este esquema de redución tamén se observa no sílex, coa presenza de laminiñas neste material.

En canto á configuración só temos dous elementos en sílex e cristal de rocha (0.6%). A pesares do escaso número amosan certos as-

pectos singulares como é a presenza de retoque plano na peza de sílex, así coma dunha laminiña de dorso en cristal de rocha.

Temos que salientar ó achado dun pequeno dente perforado de raposo (*Vulpes vulpes*). A peza presenta unha superficie traballada mediante raspado que lle da un aspecto liso e brillante. Na parte media da raíz presenta unha acanaladura transversal e profunda realizada para facilitar a posterior perforación da peza. A cara inferior atópase fracturada. Este colgante convértese na primeira evidencia de arte moble en dente do NW e únese ós *Dentalium* descubertos na cova de Valdavara (Becerreá) (FÁBREGAS *et al*, 2009) e ó colgante pétreo de Férvedes II (Vilalba) (RAMIL & VÁZQUEZ, 1983) como ás únicas mostras de arte paleolítica no noso territorio (Figura 7).



Figura 7: Fotografía do colgante sobre dente do Nivel 1 de Cova Eirós.

Á espera de novas datacións absolutas que permitan encadrar cronoloxicamente esta ocupación de Cova Eirós, as características do conxunto lítico con elementos de dorso e xestión laminar, a posición estratigráfica e a presenza de arte permitiríannos encadrar o Nivel 1 de Cova Eirós nuns momentos avanzados do Paleolítico superior.

Os traballos continuados na escavación do Nivel 3 consistiron en rematar a pequena superficie elevada de F24 ata acadar o nivel de base dos silos medievais, así como da cuadrícula da intervención de 1993. Esta superficie que cubría 3 m da sondaxe, é o teito do Nivel 3b, nivel con clastos de caliza e moi carbonatado. Nas proxeccións do material arqueolóxico diferénciase unha nova camada

de material máis rica que no Nivel 3a. O estudo detallado deste material será realizado en futuros traballos, pero algunhas diferenzas e dinámicas poden ser especificadas. En primeiro lugar semella que decrece a porcentaxe de cuarcita de grao fino con respecto ós niveis superiores, e aumentan as lascas en seixo de maior formato. No que respecta ás estratexias de explotación e configuración non se aprecian cambios significativos, documentando a existencia dunha marcada xestión diferencial nas materias primas con produtos Levallois (lascas e puntas) e discoidais en cuarcita de grao fino, e produtos centrípetos e lonxitudinais en seixo. Así mesmo, nos configurados aparecen raedeiras e denticulados en ambos materiais (Figura 8).




Figura 8: Material lítico do Nivel 3 do xacemento de Cova Eirós.

Datos preliminares sobre a fauna de Cova Eirós.

Os restos faunísticos recuperados en todos os niveis caracterízanse polo seu elevado grado de fragmentación, que impide na maioría dos casos a súa identificación. Na táboa 7 ofrécese unha descrición de aqueles restos nos que foi posible realizar unha atribución, poucas veces a nivel específico ou incluso xenérico. Nalgúns restos, nembargantes, puido determi-

narse a pertenza a ungulados de distintas tallas (orientativa segundo tamaños), ou de maneira máis xeral, unha separación entre carnívoros ou herbívoros.

Os restos óseos que se puideron identificar con maior precisión son aqueles que se atopan máis completos (falanxes, fragmentos de metápodo...) e sobre todo pezas dentarias, incluso as incompletas.

Nivel	Número de restos faunísticos	Identificados
Nivel 1	109	3 <i>Rupicapra sp.</i> 1 cérvido 4 unglado mediano (tamaño cabra) 1 unglado grande (tamaño cervo) 2 restos dentais de herbívoro moi grande (¿Rhinocerotidae?) 1 <i>Ursus spelaeus</i> 1 <i>Ursus sp.</i> 1 <i>Vulpes vulpes</i> 1 felino mediano (¿lince?) 3 carnívoros indet.
Nivel 2	5	1 incisivo decidual de <i>Ursus sp.</i>
Nivel 3	261	7 <i>Cervus elaphus.</i> 2 <i>Capreolus capreolus</i> 2 <i>Rupicapra sp.</i> 2 cérvido 4 unglado mediano (tamaño cabra) 3 unglado grande (tamaño cervo) 1 unglado moi grande (tamaño bóvido) 4 unglado indet. 1 resto dental de herbívoro talla moi grande (¿Rhinocerotidae?) 1 resto óseo de herbívoro talla moi grande (¿Rhinocerotidae?) 13 <i>Ursus spelaeus</i> 21 <i>Ursus sp.</i> 1 cánido (falanxe) 2 carnívoro talla pequena (¿raposo?) 1 carnívoro indet. 2 cunchas de gasterópodo (fragmentos) 2 posibles coprolitos
Nivel B	2	1 herbívoro talla moi grande (¿Rhinocerotidae?) 1 fgto. de asta de cérvido

Táboa 7: Rexistro faunístico dos diferentes niveis do xacemento de Cova Eirós.

No conxunto de unglados presentes destaca o rebecco (*Rupicapra sp.*) no Nivel 1, mentres que no Nivel 3 a especie máis abundante é o cervo (*Cervus elaphus*), anque tamén están presentes o rebecco e o corzo (*Capreolus capreolus*). Debemos salientar que neste nivel foron recuperados osos con marcas de corte, onde destacan tres fragmentos de metápodo de cervo con evidencias de marcas antrópicas como muescas froito da fracturación para acceder á médula, así como marcas de corte feitas por ferramentas líticas.

Outro aspecto importante, e xa constatado nas intervencións do ano pasado, é a presenza de restos dentais ou óseos pertencentes a un herbívoro de talla moi grande que podería tratarse de rinoceronte. A súa importancia radica en que cos achados deste ano, pode constatarase a existencia de restos da familia Rhinocerotidae en toda a secuencia, salvo no Nivel 2. Debido ó estado de frag-

mentación dos restos non se pode identificar á que especies pertencen. A estes restos sumaríanse os de *Dicerorhinus merckii* de Cova da Valiña, e o *Coelodonta* atopado na Cova de Valdavara. Entre os carnívoros a especie máis frecuente é o oso das cavernas (*Ursus spelaeus*), representado principalmente por pezas dentarias, falanxes, ósos hioideos, e sobre todo dentes deciduais (14 no Nivel 3, e un exemplar en cada un dos niveis 1 e 2), a pesares de que nalgúns casos preferiuse non chegar á determinación específica xa que non é posible diferenciar con seguridade entre as dúas especies de oso descritas no xacemento (oso pardo e oso das cavernas) (FÁBREGAS *et al.* 2009). Por outra banda, o elevado número de restos de oso no nivel 3 e 2, e especialmente de dentes deciduais, podería ser explicado por un uso alternado da cavidade entre as ocupacións humanas e as de oso das cavernas.

No Nivel 3 aparecen restos de cánidos que pola súa talla poderían pertencer a lobo (*Canis lupus*) e raposo (*Vulpes vulpes*). Desta última especie é o canino perforado do Nivel 1. Dentro do mesmo Nivel 1 destaca tamén a presenza puntual dun resto óseo de lince (*Lynx* sp.), unha clavícula, que supón a primeira evidencia deste carnívoro no NW.

Como podemos observar, un aspecto salientable na secuencia de Cova Eirós, e a o detrimento da presenza de osos e carnívoros nos niveis superiores, sendo máis numerosos nos niveis 3 e 2, mentres que no nivel 1 a súa presenza é máis puntual. Este tendencia tense documentada noutros xacementos da Cornixa Cantábrica onde a importancia dos restos de carnívoros é maior nas ocupacións do Paleolítico medio e Paleolítico superior inicial, mentres que nos niveis do Paleolítico superior final a súa representación é moito máis restrinxida (YRAVEDRA, 2002).

Excavacións na Cova de Valdavara. Campaña do 2009

Durante xullo do 2009 levouse a cabo a terceira campaña de excavacións arqueolóxicas na Cova de Valdavara (Becerreá, Lugo). As actuacións realizadas ó longo desta campaña supoñen unha continuación das efectuadas nas dúas anteriores e enmárcanse na fase preliminar da intervención, encamiñada á coñecer as características esenciais do xacemento e da súa secuencia estratigráfica. Como xa se describiu en traballos anteriores (FÁBREGAS VALCARCE *et al.*, 2008 y 2009; LOMBERA *et al.*, 2008; VAQUERO Y ALONSO, 2009; VAQUERO *et al.*, 2008 y 2009), na Cova de Valdavara téñense identificado dúas localizacións arqueolóxicas principais, denominadas Valdavara 1 e Valdavara 2, que proporcionaron secuencias e depósitos arqueolóxicos diferentes. Por outra parte, no ano 2008 iniciáronse sondaxes na zona correspondente á pendente exterior entre ambas localizacións, á que denominamos Valdavara 1/2. É este sector exterior ó que arroxou as novidades máis relevantes ó longo do derradeiro ano, xa que, como veremos a continuación, ofrece evidencias de episodios culturais ausentes nas dúas cavidades principais e en xeral pouco documentados no panorama da Prehistoria galega. A continuación presentaremos unha breve síntese dos

resultados obtidos en cada un destes sectores, facendo especial énfase nas actuacións realizadas no ano 2009.

Valdavara 1

Na campaña do 2009 proseguíuse a escavación da sondaxe de 2 m² iniciada nesta cavidade durante la campaña del 2007. Esta sondaxe permitiu documentar ate o momento unha secuencia de máis de 1 m de potencia, na que recoñécense dúas unidades estratigráficas principais. A unidade superior, formada por limos de cor escura, proporcionou materiais correspondentes á Prehistoria Recente, entre os que se engaden restos líticos en sílex e seixo, fragmentos de cerámica a mao e restos de fauna (basicamente ovicaprinos), así como un conxunto de restos humanos pertencentes cando menos a tres individuos diferentes (dous infantís e un adulto). A datación por ¹⁴C AMS de un destes restos humanos proporcionou unha data de 4490 ± 40 BP (5340-4980 cal BP), o que sitúa o uso funerario da cavidade no Neolítico Final-Calcolítico (VAQUERO *et al.*, 2009).

A unidade inferior está formada por limos de cor alaranxada e amosa un contacto erosivo moi neto con respecto á unidade supracacente. A industria lítica componse principalmente de artefactos en sílex e amosa un claro predominio dos burís no conxunto retocado. Os restos determinables de macromamíferos son escasos, mais púidose documentar a presenza do lobo e do rebeco. Destaca tamén o achado de varios fragmentos de *Dentalium*, empregados probablemente como elementos de adorno persoal (FÁBREGAS *et al.*, 2009). As datacións radiométricas sitúan esta unidade entre os 13770 ± 70 BP (17080-16880 cal BP) e os 14630 ± 70 BP (17890-17730 cal BP), cronoloxía que nos remite a un Magdaleniense Inferior-Medio (VAQUERO *et al.*, 2009).

Na metade N da sondaxe, esta unidade inferior apóiase directamente sobre o sustrato rochoso. En cambio, na metade S o depósito sedimentario amosa unha maior potencia, aparecendo por debaixo do conxunto magdaleniense un potente depósito de gravas en matriz areosa, completamente estéril dende o punto de vista arqueolóxico. Durante a campaña do 2009 profundizouse uns 50 cm. neste depósito, sen que se alcanzase a rocha nai.

Por outra banda, no 2009 comezou a escavación dunha nova sondaxe de 2 m² ó N do anterior, ao fondo da sala principal da cova (cadros L23 y M23). De momento escavouse a metade superior, acadando en toda a cata o teito dos niveis magdalenienenses. A secuencia semella similar á documentada en M20-21, se ben documentouse localmente, a teito do conxunto Pleistoceno, unha fina capa estalagmítica que non se conservaba na sondaxe anterior. O material recuperado nos niveis holocenos é similar ao recuperado en M20-21, destacando a aparición de novos restos humanos de características similares ós xa coñecidos. Desta sondaxe procede o conxunto cerámico cuxo estudio preséntase mais abaixo.

Valdavara 2

Como xa se expuxo en traballos anteriores, o resultado máis significativo das intervencións realizadas ata o momento en Valdavara 2 foi o achado dun conxunto funerario composto polos restos de cando menos dous individuos infantís, un de 2,5-3 anos e outro de 6-9 meses de idade. As datacións por ¹⁴C AMS realizadas directamente sobre dous destes restos arroxaron unhas datas de 3270 ± 40 BP (3600-3400 cal BP) e 3250 ± 40 BP (3600-3360 cal BP), o que nos sitúa no contexto cronolóxico do Bronce Medio (VAQUERO *et al.*, 2009). A campaña do 2009 permitiu finalizar a escavación deste depósito funerario na área obxecto de intervención, se ben parece claro que dito depósito ten continuidade cara o interior da cavidade. Entre os novos restos recuperados destaca un fragmento mandibular correspondente a outro individuo infantil, algo maior que os identificados ata agora. Como en anos anteriores, tampouco se documentou nesta campaña ningún elemento de cultura material asociado ós enterramentos.

Por debaixo do nivel funerario, localizouse unha nova unidade estratigráfica na que de momento só recuperáronse restos de fauna. Destaca o achado de varios restos de carni-

voros, polo que non pode descartarse que este nivel corresponda a un período durante o cal a cavidade foi empregada como cubil. En calquera caso, haberá que esperar ós resultados do estudio taxonómico para confirmar esta hipótese, así como para establecer a presenza de modificacións de orixe antrópico nalgún destes restos. Polo momento, tampouco dispoñemos de datos que permitan propoñer unha cronoloxía para esta asociación.

Valdavara 1/2

As intervencións na vertente que conecta Valdavara 1 con Valdavara 2 iniciáronse no ano 2008 e continuaron durante a campaña do 2009. A raíz destas intervencións, documentouse, fronte á entrada a Valdavara 1, unha secuencia formada por dúas unidades principais. A unidade superior (Nivel B) atopábase moi alterada polos procesos post-deposicionales e proporcionou materiais moi heteroxéneos, aínda que unha boa parte pode adscribirse ós momentos da Prehistoria Recente identificados en Valdavara 1. Nembargantes, a unidade inferior (Nivel C) contiña unha asociación arqueolóxica máis homoxénea, na que destacaba un conxunto lítico caracterizado polo predominio de restos de seixo que amosaban unhas estratexias de talla expeditivas, encamiñadas á produción de lascas. Ante a ausencia de elementos culturalmente diagnósticos, plantexáronse dúas hipóteses alternativas en relación á atribución cronocultural deste conxunto e á súa correlación coa secuencia documentada en Valdavara 1 (FÁBREGAS *et al.*, 2009): a) que correspondese a un Magdalenense máis antigo que o localizado en Valdavara 1 e, polo tanto, que a secuencia exterior correlacionárase coa parte basal da secuencia interior, ou b) que ambas secuencias fosen independentes e que os niveis do exterior fosen posteriores ós do interior da cavidade. Os resultados das datacións por ¹⁴C AMS parecen corroborar claramente a segunda destas hipóteses (Táboa 8).

Nivel	Material	Ref. lab.	Anos radiocarbónicos BP	Anos cal BP	Anos cal BC
C	Oso	Beta-257850	8920±50	10270-9830	8320-7880
C	Oso	Beta-259199	8890±60	10250-9770	8300-7820

Táboa 8: Datacións por ¹⁴C AMS do Nivel C de Valdavara 1/2. As calibracións realizáronse mediante a curva CalPal 2007 Hulu.

As dúas datas son plenamente coherentes entre si e indican unha cronoloxía de comezos do Holoceno para o Nivel C de Valdavara 1/2. Esta cronoloxía sitúase claramente no rango temporal definido para os conxuntos mesolíticos da Península Ibérica, tanto para o Asturiense cantábrico, como para o Mesolítico de muescas e denticulados da vertente mediterránea. Á falla dun estudo exhaustivo do conxunto arqueolóxico do Nivel C, os datos preliminares aportados pola industria lítica axústanse ó que ven sendo habitual neste contexto cultural: uso dominante de materias primas locais, produción de lascas e ausencia de talla laminar. As datas de Valdavara son as primeiras que se obteñen en Galicia para estes momentos iniciais do Mesolítico e confirman a presenza deste episodio cultural no noroeste da Península Ibérica. Se os momentos posteriores da secuencia mesolítica, caracterizados pola presenza de xeométricos, estaban representados en Xestido III (cunha data de 7310 ± 160 BP) (VILLAR, 1997), ate o momento non se tiñan evidencias claras e sustentadas en datas radiométricas correspondentes ós momentos máis antigos.

O conxunto cerámico de Valdavara 1

A cerámica recuperada na campaña do 2009 en Valdavara 1 forma un conxunto máis amplo que o recollido en campañas anteriores, aínda que non acada os 200 fragmentos. A pesares deste incremento de efectivos, a información non aporta demasiadas novidades á que se obtivera nos traballos previos, confirmando en termos xerais algúns dos supostos que se propuxeran coas datas obtidas nas anteriores campañas; seguen sendo fragmentos de vasillas de características similares, incluíndo a escasa presenza de cerámica a torno e confirman as ocupacións que xa se sinalaran.

Maioritariamente o conxunto corresponde a cerámicas a mao, aínda que hai varios fragmentos de vasos a torno, de época histórica e non demasiado antiga, como suxiren de novo os fragmentos de fondo dunha vasilla con vidro melado polo interior. O outro fragmento a torno corresponden a unha vasilla de paredes delgadas ásperas có exterior negro-fume. A posibilidade de que algún fragmento máis puidera corresponder a algún vaso fabricado con esta técnica non pode ser descartada, dado

o deterioro que sofren as superficies dunha parte do conxunto cerámico, que podería ter impedido o recoñecemento deste tipo de fabricación; en calquera caso son totalmente minoritarias en relación có número de fragmentos de cerámicas fabricados a mao.

No conxunto de cerámicas a mao, unha parte importante dos fragmentos, algo máis da metade dos efectivos en realidade, corresponden á escavación de dous dos cadros (L-23 y M23) e só un reducido número de restos procede da limpeza en zonas superficiais de outros cadros (K-L-N 23) próximos ós escavados, nos que se iniciou o traballo nesta campaña. Neste conxunto de cerámica a mao hai un predominio de vasillas con pastas de calidade media. As pastas friables e porosas son frecuentes, mentres que as compactas, son escasísimas, así que o conxunto podería considerarse dominado polas pastas de fractura acorchada e escamosa. Na composición da pasta, dominan as arxilas en xeral pouco decantadas, con desgrasantes medios e con presenza case constante de inclusións máis grosas nunha porcentaxe moi alta de fragmentos e hai que sinalar a presenza constante de micas finas e en menor medida medias, as veces abundantes. A cocción, en xeral a lume redutor, non semella ter acadado unha temperatura demasiado alta, o que podería ter producido as frecuentes roturas que parecen rodadas, así coma a perda de moitos dos acabados, e incluso de parte das capas superficiais dos vasos. Os vasos con tratamento medio, alisados ou con espatulado-bruñido de pouca calidade, son maioritarios fronte ós acabados máis someros, pero son numerosos os fragmentos que perderon ou teñen moi deteriorada a capa superficial, incluso nos que levan acabado espatulado-bruñido; nalgúns casos parte da parede desmenuzouse en capas, e xa se suxeriu que isto pode ser consecuencia da forma de cocción utilizada.

A cocción redutora parece dominar o conxunto, aínda que en certos casos se observan liñas de oxidación máis ou menos grosas, xeralmente na zona exterior; as seccións a dous tonos e en sándwich son moi escasas. A coloración das superficies pode ser de ton diferente no exterior e no interior, pero a diferenza soe ser unha gradación da mesma cor; nas tonalidades tanto externas como internas dominan os grises, negruzcos e tostados ou marróns,

sendo moito menos frecuentes os alaranxados e avermellados e moi escasos os negros.

Dado o estado de conservación, regular ou bastante malo, nunha proporción importante de fragmentos que amosan desgaste nas zonas de fragmentación e frecuentes deterioros superficiais, resulta complicado definir categorías polo acabado das superficies; os exteriores erosionados son frecuentes, aínda que hai unha parte importante de superficies con alisados de certa calidade ou de tipo medio e algúns espatulados bruñidos en ambas superficies ou só no interior, aínda que ningún realizado sobre engobe. A forte fragmentación destes restos – entre 1/2 y 5 cm, para unha parte maioritaria dos achados-fai tamén difícil a caracterización formal do conxunto, incluso a agrupación destes efectivos, aínda que en certos casos foi posible agrupar fragmentos que se considera puideron formar parte da mesma vasilla. Entre os indicadores de forma, os bordes son os mellor representados a pesares de que non faltan restos que permitan coñecer a forma da base dos recipientes, así como fragmentos de colo ou con curvatura, que indiquen a presenza de vasos de distinto tipo.

Non hai practicamente restos de vasos de cerámica fina e só dous fragmentos, un deles un borde moi deteriorado polo exterior e outro un fragmento de galbo, parecen pertencer a vasos de pequenas dimensións, a pesares de que non teñen acabados de calidade ata onde se pode observar; tampouco apareceron fragmentos decorados, se ben nalgúns casos o sistema ou instrumento de alisado deixou marcas que quizais poderían inducir a confusión.

Certos fragmentos de fondo indican có grosor das súas paredes e tamén có diámetro estimado e incluso có exvasado de arranque do corpo, a presenza dalgúns grandes contedores; ó menos dous parecen seguros, aínda que hai fragmentos máis pequenos que poderían duplicar o número de grandes vasillas, ou a lo menos aumentar en un o número dos contabilizados, dada a moi diferente composición e acabado do fragmento respecto ós outros.

En xeral, os contedores medios –orzas e ollas- parece que son, como en anteriores escavacións, os mellor representados no conxunto e contan con fragmentos de bordes, galbos e fondos. Os fragmentos de bordes, case to-

dos de pequeno tamaño, corresponden na súa maioría, atendendo ó grosor das paredes, a vasos de tamaño medio, nalgúns casos con colo indicado; polas súas características cabe deducir que os vasos de tendencia ovoide con boca pechada e en menor medida os globulares, sexan probablemente os dominantes. Os fragmentos de borde están, sen dúbida, mellor representados que nas campañas anteriores (catro no cadro L-23 e nove no cadro M-23) e dannos un mínimo de 13 de estes vasos de tamaño medio, formando un conxunto bastante homoxéneo, e que apunta a dúas formas básicas. Repártense en vasos de borde sinxelo e tendencia globular e vasos con borde indicado ou levemente reforzado e lixeiramente volto. Os fondos conservados de recipientes destas dimensións son escasos e apuntan tamén a vasos de fondo plano, con talón lixeiramente reforzado. Algúns fragmentos curvados indican galbos de vasillas esféricas ou ovoides e só nun caso con suave carena curva. En canto a sistemas de presión o único elemento aparecido é un mamelón cunha lixeira tendencia á lengüeta, confirmando o escaso dos elementos de suxeición que xa sinalamos en informes anteriores, e indicando ademais certa variedade, pero que non obstante non serven como indicador temporal no estado actual dos nosos coñecementos.

En canto á cerámica a torno hai que destacar a aparición das dúas metades e algunhas esquirlas e pequenos fragmentos dun fondo de vaso cuxa superficie interior leva vidro melado e que na superficie exterior, áspera, amosa manchas de vidro; as dúas metades apareceron unha no Nivel 2 do cadro L-23 e outra no Nivel 1 dun dos cadros próximos. Este fondo correspóndese con varios fragmentos de galbo recollidos na campaña do 2008 e puideronse unir proporcionando a parte inferior dun pequeno xarro do que descoñecemos a forma da boca ou se contaba con algún tipo de asa. Os fragmentos de galbo da campaña anterior apareceron dispersos; tres no nivel superficial do cadro P-18 e un máis foi recuperado entre os materiais do cribado da terrera das escavacións previas ó proxecto actual. A dispersión destes fragmentos confirma a importancia das remocións nunha zona bastante ampla, que alcanzan ademais certa profundidade e non afectan só o nivel superficial. Na campaña ac-

tual apareceu outro posible fragmento amorfo a torno, que podería pertencer a outro vaso de paredes delgadas con superficies ásperas e de cor negruzca con trazas de afumado no exterior; é diferente ós outros fragmentos amorfos recollidos en campañas anteriores, e con elo permitiría contabilizar a presenza de tres vasos a torno. Con estes datos confirmáronse tanto a ocupación prehistórica recente da cova como a de época histórica, aínda que esta última segue sendo percibida, a tenor dos escasos restos cerámicos a torno que aparecen, como algo bastante puntual.

Polo que se refire á ocupación de época prehistórica os novos datos non permiten avanzar maiores conclusións das que se tiñan en traballos anteriores. Segue sendo pouco seguro discernir o período no que se produciu e segue sendo problemática a asignación de material a unha fase concreta. Tendo en conta que a maioría de fragmentos, tanto na campaña actual coma nas anteriores, pertencen a vasos de calidade media, incluso naqueles que forman o grupo de cerámica máis coidada e a pesar de que nunha parte do conxunto as superficies están erosionadas, non parece que os vasos de época prehistórica apunten rasgos diferentes ós que se coñecen para a Idade do Bronce no territorio e nada fai pensar que se poidan asignar a un momento posterior ó Bronce Antigo. Os tipos de vasos que apuntan cando menos ós bordes e incluso o mamelón aínda que non sexa un elemento fiable en cronoloxía, lévanos a momentos antigos da Idade do Bronce. Este feito non cambia ó engadir entre os indicadores os fondos planos que en Galicia, como en outras zonas atlánticas, atópanse xa en contextos funerarios de inicios do Bronce Antigo e incluso da transición Calcolítico-Bronce. En definitiva, como en informes anteriores, esta asignación faise claramente por exclusión doutras opcións que se descartan como menos factibles e contando agora, ademais, coa referencia que aportan as datacións. Isto significa que a pesares de que o material cerámico prehistórico é pouco esclarecedor en conxunto, pode aportar información sobre tendencias en tipos cerámicos dominantes, para un período que conta con moi escasa información sobre un elemento tan fundamental na determinación da cronoloxía das ocupacións prehistóricas.

CONCLUSIÓNS

Os xacementos da parte oriental de Galicia están aportando unha grande cantidade de información sobre as comunidades do Paleolítico e da Prehistoria recente, non só datos complementarios ós coñecidos noutras zonas do NW, senón que tamén, e dada as características destes rexistros, ofrecen novos tipos de evidencias arqueolóxicas e algunhas datacións absolutas que permiten completar e vertebrar a secuencia do poboamento cuaternario. Cada unha das áreas estudadas aporta testemuñas sobre as ocupacións do Paleolítico inferior, medio e superior, así como das derradeiras sociedades de cazadores recolectores, xa no Holoceno.

As datacións obtidas na Depresión de Monforte de Lemos remítenos a varios momentos do Pleistoceno superior. Se ben non ofrecen un encadre temporal directo das ocupacións, a crítica do contexto sedimentario permítenos realizar unha serie de inferencias. No lugar de As Lamas, as datas da Cata 2 fálanos de dous momentos de deposición de coluvios sobre a grande superficie da terraza fluvial (T5). Ambas datacións mostran uns valores moi semellantes en torno ao 39.000 BP, relacionados con episodios coluviais con industrias líticas en posición secundaria. O nivel inferior, con materiais rodados en cuarcitas e seixos, moi similares ós recuperados en superficie adscritos ó Modo 2, fálanos dun evento erosivo que arrastra materiais antigos e, polo tanto, terán unha antigüidade maior a 39.000 BP. Os artefactos do Nivel II presentan unhas características distintas ás da camada infraxacente: a frescura das aristas, ó carácter *in loco* das pezas e as diferenzas técnicas poderían adscribir estes restos ó Paleolítico medio. Tal atribución implicaría unha recurrencia na ocupación da superficie das Lamas durante o Paleolítico inferior e no Paleolítico medio.

Dende o punto de vista sedimentolóxico, estes coluvios corresponden con dous episodios de erosión e acumulación moi seguidos, que amosan un período de inestabilidade e unha dinámica morfoxenética na Depresión de Monforte en torno ó 39.000 BP. Testemuñas deste fenómeno atopámonas nos depósitos costeiros de Arnela, Sanxián e Caamaño, onde solos datados arredor do 38.000 BP repousan sobre niveis coluviais adscritos ó episodio

Heinrich 4 (PÉREZ *et al.*, 2009). Estes niveis, xunto co coluvián de O Regueiral en torno a 69.000 BP, son evidencias das condicións de rigorosidade climática e das pulsacións frías no interior de Galicia anteriores ó derradeiro máximo glacial.

Os datos aportados na intervención no xacemento de Cova Eirós erixenna como a secuencia representativa do Pleistoceno superior do NW peninsular. Os novos niveis documentados na presente campaña semellan pertencer á momentos avanzados do Paleolítico superior con certas diferenzas con respecto ó estrato do Paleolítico superior inicial (Nivel 2) en canto á xestión das materias primas, con maior representación do sílex e do cristal de rocha sobre os seixos e cuarcitas. A nivel tecnotipolóxico debemos salientar a presenza de laminiñas e puntas de dorso, así como unha nova mostra de arte moble. Tales diferenzas, e a falla de unhas datacións absolutas, poderían remitirnos a unha etapa adiantada do Paleolítico superior, equiparables á documentada no xacemento de Valdavara e os xacementos da zona do Xistral. Se tal hipótese se confirma, o hiato sedimentario existente entre o Nivel 2 e 1, sería representativo do baleiro arqueolóxico co que nos atopamos no NW peninsular dende as ocupacións en torno ó 30.000 BP ata as do Paleolítico superior final c.a. 15.000 BP, momento de máximo avance dos glaciares nas montañas orientais e de recrudescemento climático no interior de Galicia.

O xacemento de Valdavara evidencia unha ocupación diacrónica das cavidades pero cunha finalidade completamente diferente. En Valdavara 1 temos unha secuencia de Magdaleniense inferior e medio, cuxos paralelos máis próximos serían os xacementos de Dos Niñas e Férvedes II, ambos adscritos ó Magdaleniense inferior polas características tipolóxicas dos seus conxuntos líticos (VILLAR, 1997). Xa no ámbito da Cornixa Cantábrica as referencias máis cercanas localízanse no sector central e oriental de Asturias, nas bacías do Nalón e do Sella, nos xacementos de Las Caldas (niveis XII e XI) (CORCHÓN, 1999) e a cova de La Güelga (nivel 3c) (MENÉNDEZ *et al.* 2005). O nivel C da vertente exterior de Valdavara, cunhas datas en torno ó IX-VIII Milenio BC, apórtannos información sobre un dos períodos menos coñecidos da Prehistoria

galega, o Mesolítico, do que só dispoñiamos de evidencias máis recentes no xacemento de Xestido III (7310 ± 160 BP, GrN 16389), e máis no fogar datado na cova mindoniense do Rei Cintolo (7735 ± 60, Lyon-2731 (OxA)) (VILLAR, 1997, 2007).

Se ben as cavidades foron usadas cunha finalidade doméstica durante o Paleolítico e o Mesolítico, as evidencias da Prehistoria recente son de carácter funerario, cun enterramento secundario de tres individuos nos niveis calcolíticos de Valdavara 1, e outro máis da Idade do Bronce de dous individuos infantís de Valdavara 2. Este cambio do uso doméstico ó funerario das grutas tense documentado noutros lugares do NW, sendo o paralelo máis directo o enterramento do neolítico final-Calcolítico de Pala da Vella (Rubiá, Ourense) (FERNÁNDEZ & VILLAR, 2003), aínda que resultan evidencias escasas e singulares que amosan a utilización complementaria das cavidades por parte das sociedades produtoras da Prehistoria recente.

AGRADECEMENTOS

Os traballos arqueolóxicos vinculados ó proxecto de investigación foron levados a cabo gracias ó apoio do Ministerio de Educación e Ciencia (HUM2007-63662) e dos concellos de Triacastela, Becerreá, Monforte de Lemos e o Centro de Formación e Experimentación da cidade monfortina. Así mesmo, agradecer á persoas que colaboraron nos traballos, especialmente ós alumnos de prehistoria e a empresa Cosmos por todas as facilidades dadas. A.L. é bolseiro da Cátedra Atapuerca.

BIBLIOGRAFÍA

CORCHÓN, M^a. S. (1999): "Solutrense y magdaleniense del oeste de la cornisa cantábrica: dataciones 14C (calibradas) y marco geológico" *Zephyrus*, 52: 3-32.

FÁBREGAS VALCARCE, R.; ALONSO FERNÁNDEZ, S.; AMEIJENDA IGLESIAS, A.; GRANDAL D'ANGLADE, A.; LAZUÉN FERNÁNDEZ, T.; DE LOMBERA HERMIDA, A.; PÉREZ ALBERTI, A.; PÉREZ RAMA, M.; RODRÍGUEZ ALVAREZ, X.P.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C.; SERNA GONZÁLEZ, M.R.; TERRADILLOS BERNAL, M.; VAQUERO RODRÍGUEZ, M. (2009):

“Novos resultados das intervencións arqueolóxicas no sur lucense. Os xacementos paleolíticos da depresión de Monforte (Monforte de Lemos), Cova Eirós (Triacastela) e Valdavara (Becerreá)”. *Gallaecia*, 28: 9-32.

FÁBREGAS, R.; ALONSO, S.; LAZUÉN, T.; DE LOMBERA, A.; PÉREZ ALBERTI, A.; RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, X. P.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C.; TERRADILLOS, M.; SERNA, M. R.; VAQUERO, M. (2008): “Aportacións ó estudo da Prehistoria da cunca media do Miño. Os asentamentos en cova e ó aire libre”. *Gallaecia* 27: 63-88.

FÁBREGAS VALCARCE, R., T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, J. A. PEÑA ALONSO, A. PÉREZ ALBERTI, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN e M. TERRADILLOS BERNAL (2007): “Novos achados paleolíticos no interior de Galicia. A Depresión de Monforte de Lemos e as súas industrias líticas.” *Gallaecia* 26: 7-30.

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. & R. VILLAR QUINTEIRO (2003). “Prospección y excavación de cuevas en la cuenca del Sil (Rubiá, Ourense): La Pala da Vella.” *Brigantium* 14: 13-22.

LOMBERA, A. DE; VAQUERO, M.; ALONSO, S.; RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, X.P.; LAZUÉN, T.; FÁBREGAS, R. (2008): “A cunca media no Miño dentro das ocupacións paleolíticas do NW peninsular”. En *Homenaxe a X. M. Álvarez Blázquez, vol. II. Estudos sobre Paleolítico*. E Méndez Quintas (Coord.): Instituto de Estudos Miñoranos, pp. 321-346.

MÉNENDEZ FERNÁNDEZ, M.; GARCÍA SANCHEZ, E.; QUESADA, J.M. (2005): “Magdaleniense inferior y territorialidad en la Cueva de la Güelga (Asturias)”. En: N. F. Bicho (Ed): *O Paleolítico. Actas do IV Congreso de Arqueología Peninsular (Faro, 2004)*: 63-75-Faro.

PÉREZ ALBERTI, A., R. BLANCO CHAO; M. OTERO OTERO; I. MACÍAS GARCÍA; J. LÓPEZ BEDOYA. (2009). “Cambios ambientais detectados na costa de Galicia durante o Plistoceno e Holoceno e dinámica actual”. En: *Evidencias e Impactos do cambio climático en Galicia*. V. Pérez Muñuzuri, M. Fernández Cañamero and J. L. Gómez Gesteira (Coord). Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

RAMIL REGO, E. AND J. RAMIL SONEIRA (1996). “El fin de los tiempos glaciares en Galicia. Magdaleniense y Epipalolítico”. En: *Os primeiros poboadores de Galicia: O Paleolítico*. R. Fábregas Valcarce. Sada, Edicións do Castro. 73: 117-147.

VAQUERO RODRÍGUEZ, M.; ALONSO FERNÁNDEZ, S.; ALONSO FERNÁNDEZ, C.; AMEIJENDA IGLESIAS, A.; BLAIN, HUGUES-ALEXANDRE; FÁBREGAS VALCARCE, R.; GÓMEZ MERINO, G.; DE LOMBERA HERMIDA, A.; LÓPEZ-GARCÍA, J.M.; LORENZO MERINO, C.; LOZANO RUIZ, M.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C.; ROSELL I ARDÈVOL, J.; SERNA GONZÁLEZ, M.R. (2009): “Nuevas fechas radiométricas para la Prehistoria del noroeste de la Península Ibérica: la cueva de Valdavara (Becerreá, Lugo)”. *Trabajos de Prehistoria*, 66(1): 99-113.

VAQUERO, M.; ALONSO, S. (2009): “Sondaxe arqueolóxica na cova de Valdavara, Becerreá (Lugo)”. En *Actuacións Arqueolóxicas. Ano 2007*. Xunta de Galicia, pp. 249-250.

VAQUERO, M.; ALONSO, S.; AMEIJENDA, A.; GÓMEZ MERINO, G.; LOMBERA, A. DE; LORENZO, C.; RODRÍGUEZ RELLÁN, C. (2008): “Nuevos datos sobre el Paleolítico Superior en Galicia: la cueva de Valdavara (Becerreá, Lugo)”. En E. Ramil Rego (Ed.): *1 Congreso Internacional de Arqueología de Vilalba. Férvedes*, 5: 137-141.

VILLAR QUINTEIRO, R. (1997): “El Paleolítico Superior y Epipaleolítico en Galicia”. *Zephyrus*, 50: 71 106.

VILLAR QUINTEIRO, R. (1999). “La gestión técnica de los cuarzós durante la prehistoria reciente en el noroeste peninsular.” *MIÑUS VII*:9-25.

VILLAR QUINTEIRO, R. (2007). “La Cueva del Rei Cintolo (Lugo, Galicia): algunos datos cronoarqueológicos de la galería superior.” *Gallaecia* 26: 31-53.

YRAVEDRA SAÍNZ DE TERREROS, J. (2002): “Subsistencia en la transición del Paleolítico medio al Paleolítico superior de la Península Ibérica”, *Trabajos de Prehistoria*, 59-1: 9-29